

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “ESTAMOS PRETO DE TI” DE ATENCIÓN E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS MAIORES, NO EXERCICIO 2025.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte:

Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento; no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Avelino Pazos Pérez representante do Concello de Castrelo de Miño, con número de Identificación Fiscal P3202300D, en calidade de Alcalde do Concello de Castrelo de Miño, Avda. do Concello 18, Castrelo de Miño, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN:

Primeiro.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Terceiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Cuarto.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, é o órgano superior da administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, a Consellería de Política Social e Igualdade a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Quinto.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais .

Sexto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.

- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 62 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

O concello de Castro de Miño está inscrito como entidade prestadora de servizos sociais co número E2123 e recoñecido como así se determina no art. 66 da dita Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

No dito marco competencial, as actividades constitutivas do proxecto "Estamos preto de ti" obxecto da concesión da subvención, desenvolveranse dentro do ámbito territorial do concello de Castro de Miño, concretamente na parroquia de San Salvador de Vide de Miño coa finalidade de fomentar o envellecemento activo, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación de persoas maiores de 65 anos, mediante a realización de actividades socioeducativas e de ocio.

O obxectivo do Proxecto "Estamos preto de ti" é:

- Impulsar as habilidades psicosociais: mellorar a integración na vida comunitaria e en contorna normalizada, achegando estratexias psicoeducativas, e adestrando habilidades sociais.

- Desenvolver e potenciar as capacidades cognitivas, así como dotar de estratexias compensatorias para manter as habilidades psicosociais na toma decisións e actividades da vida diaria.
- Promover, manter e recuperar a autonomía funcional: as intervencións realizaranse co obxectivo de manter e/ou mellorar a capacidade para realizar as actividades da vida diaria, evitar a aparición de limitacións así como potenciar o desenvolvemento persoal e a integración social.
- Promover o lecer e tempo libre: co obxectivo de evitar o sedentarismo e o illamento, propoñer actividades que resulten atractivas e de interese e que fomenten a participación social.
- Mellorar a esfera emocional e comportamental: dotar de habilidades e estratexias para desenvolverse de maneira efectiva nos diferentes ámbitos nos que se atopen.

As actividades proxectadas no proxecto "Estamos preto de ti" consisten na realización de obradoiros de hábitos saudables, de manexo das novas tecnoloxías, de ximnasia e coordinación, de estimulación cognitiva, Asemblea, obradoiro de emocións e actividades de lecer e tempo libre.

Sétimo.- O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do proxecto a subvencionar, radica na análise das circunstancias demográficas do Concello de Castrelo de Miño, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior e da poboación en situación de vulnerabilidade que demandará nos vindeiros anos un servizo asistencial.

O dito Concello actualmente conta cunha poboación de 574 persoas maiores de 65 anos o que supón case a metade da súa poboación.

Á vista dos resultados da análise o Concello decatouse da necesidade da elaboración dun proxecto dirixido a promover a participación activa, loitar contra a soidade non desexada e eliminar os estereotipos existentes en relación ás ditas persoas maiores residentes no Concello de Castrelo de Miño, a través da realización de actividades socioeducativas e de ocio, conferindo deste xeito continuidade ás actividades desenvolvidas no ano 2024 con estas mesmas pretensións.

O envellecemento comporta un aumento da vulnerabilidade física, psicolóxica e social das persoas, o que xera maior risco de chegar a situacións de dependencia, de perdas de apoio social e consecuentemente de exclusión. O proceso de envellecemento non é lineal e inmutable senón que é susceptible de atrasarse como consecuencia de actuacións orientadas a evitar a dependencia, promover a autonomía persoal e mellorar a esperanza de vida saudable das referidas persoas maiores, aumentando deste xeito a súa calidade de vida e previndo a aparición de deficiencias asociadas á idade.

Con esta finalidade artéllase a concesión dunha subvención directa a través deste convenio para a realización dun proxecto orientado a fomentar unha vida activa e saudable na procura dun envellecemento activo e de prevención da dependencia.

O proxecto e actividades a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Así o exposto e como xa se indicou, as razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, radican na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este proxecto que é o Concello de Castrelo de Miño, en tanto que servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

Oitavo.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento de programas e actividades no eido da atención ás persoas maiores, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa dunha subvención pública das actuacións que o Concello de Castrelo de Miño ten previsto desenvolver durante o ano 2025, de cara á realización do proxecto "Estamos preto de ti" dirixido a atender e previr a dependencia das persoas maiores de 65 anos e liberar, na medida do posible, a carga que supón para os familiares e coidadores a atención diaria destas persoas, residentes nese concello.

O proxecto está destinado a atender e previr a dependencia, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación das persoas maiores de Castrelo de Miño, mediante a realización de actividades socioeducativas e de ocio así como dar un respiro aos familiares e coidadores destas persoas maiores.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

As actividades constitutivas do proxecto "Estamos preto de ti" desenvolveranse por persoal propio do Concello de Castrelo de Miño, concretamente na Parroquia de San Salvador de

Vide de Miño, onde se usarán os edificios sociais municipais existentes no lugar para o desenvolvemento das actividades.

A maior parte das actividades que se van desenvolver serán grupais, aínda que tamén se prestará atención individualizada, traballo social e atención psicolóxica para todas as persoas participantes.

As actividades proxectadas son as seguintes:

a) Obradoiro de manexo das novas tecnoloxías

Con este obradoiro levaranse a cabo actividades coas que se pretende ensinar ás persoas participantes coñecementos e destrezas que lles permitan desenvolverse de xeito autónomo no mundo das tecnoloxías da comunicación e adquirir, mellorar e/ou consolidar a tecnoloxía nas actividades da vida diaria, tanto aquelas máis básicas como aquelas máis complexas ou instrumentais.

No desenvolvemento do obradoiro atenderase aos intereses e demandas que, neste campo, expresen as persoas participantes, xa sexa ao manexo do teléfono móbil, trámites online, manexo do ordenador persoal, internet, redes sociais, tabletas ou videoxogos.

b) Obradoiro de ximnasia e coordinación

Este obradoiro ten como obxectivo promover a actividade física a través da ximnasia de mantemento encamiñada a lograr un acondicionamento físico xeral

Traballarase a coordinación e realizaranse exercicios de mobilidade articular e de acondicionamento físico de baixo impacto ou de nivel moderado, así como clases de pilates e ioga coas que se pretende mellorar a concentración e liberar o estrés do día a día.

c) Obradoiro de estimulación cognitiva

Con este obradoiro preténdese mellorar e manter as funcións cognitivas, así como dotar de estratexias que melloren o rendemento nas tarefas nas que presenten dificultades e que se poidan achegar ferramentas útiles para a vida diaria. Trabállanse as principais funcións cognitivas: atención, linguaxe, memoria, funcións executivas (razoamento, abstracción, planificación...), funcións visoperceptivas, visoespaciais e visoconstructivas. Estas funcións trabállanse a través de tarefas de papel e lapis, xogos interactivos ou actividades manipulativas.

d) Obradoiro de emocións

O obradoiro ten como obxectivo que as persoas usuarias sexan capaces de identificar, expresar e xestionar as emocións propias e as alleas. Trabállase a autoestima, a intelixencia emocional, a autoconfianza, a tolerancia á frustración e a empatía a través de actividades de papel e lapis, xogos de role, vídeos e xogos.

e) Debate

Nesta actuación exponse diferentes temas controvertidos e de actualidade (eutanasia, redes sociais, legalización do uso de armas, pena de morte...) co obxectivo de que as persoas

usuarias xeren ideas e sitúense dando diferentes argumentos. Visualízanse vídeos que reflectan o tema para tratar, vídeos explicativos, declaracións de persoas afectadas etc. Para traballar isto pídeselles que dean argumentos favorables e desfavorables sobre os temas a tratar.

f) Lecer e tempo libre

Esta actividade ten como obxectivo mellorar o estado físico, mental e emocional das persoas usuarias, así como as súas habilidades sociais, reducindo ao máximo o sedentarismo e os posibles momentos de ansiedade e depresión. Desenvolverase a través das seguintes actividades:

- Visionado de películas, xogos de mesa, actividades que ademáis de satisfacer as necesidades de lecer, melloran as capacidades cognitivas como a atención, o uso de estratexias, a memoria, a extracción de ideas, entre outras. Estas actividades desenvolveranse con carácter semanal.
- Actividades especiais en datas sinaladas como Nadal, Entroido e Samaín entre outras, nas que as persoas usuarias deciden as actividades que queren realizar para festexar estes días.
- Xuntanza de maiores consistente nunha xornada de convivencia e festa chamada Festa do Maior de Castrelo de Miño, con actividades ao aire libre, xogos populares, obradoiros de artesanía e almorzo amenizado con música tradicional e entrega de agasallos aos participantes.

g) Asemblea: Co obxectivo de fomentar a toma de decisións, a crítica construtiva, o consenso e o compromiso, este obradoiro propón a valoración e decisión do que se traballará nas actuacións descritas anteriormente. Animarase as persoas usuarias a que valoren as actividades realizadas, a que propoñan novas actividades a realizar, a xerar propostas co fin de votar e chegar a consenso sobre as propostas, conseguindo desta maneira fomentar a autonomía emocional dos maiores á vez que axustar as actividades, en maior medida, aos gustos e intereses das ditas persoas usuarias.

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello presentará previamente á sinatura do convenio o programa de actividades a desenvolver no marco do proxecto a subvencionar a través do convenio e a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto a subvencionar a través do convenio ten previsto desenvolver o concello, é de 58.671,00 euros.

Para o cumprimento das actuacións do proxecto previstas na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a contía de **cincuenta e oito mil seiscientos setenta un euros (58.671,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.05.312D.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, de conformidade co previsto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal e de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os

órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o concello, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Gastos subvencionables e xustificación*

O importe da subvención destinarase a cubrir o gasto corrente e o gasto de persoal derivado da execución do proxecto obxecto deste convenio conforme ao establecido na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a partir do ingreso na conta bancaria da persoa beneficiaria de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

O concello está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento do proxecto a subvencionar a través deste convenio, coa realización da actividade e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde/esa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do proxecto subvencionado polo convenio e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do proxecto, deberá de concretarse aos efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita a seguinte documentación:

- Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do proxecto subvencionado.
- Recibos de salarios.

- Documento de relación nominal de traballadores (RNT) e documento de relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos traballadores correspondentes aos meses imputados.

- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2025 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

OITAVA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o concello nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 30% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 70% restante farase efectivo unha vez xustificada a correcta execución de todas as actividades do proxecto subvencionado polo convenio e aportando a documentación indicada na cláusula sétima (conta xustificativa).

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar

no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins do proxecto o concello poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente proxecto, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do dito proxecto.

O Concello de Castrelo de Miño asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actividades a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% do proxecto a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades

percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actividades do proxecto a subvencionar a través deste convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionados ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes do Concello de Castrelo de Miño, designadas por cada unha das persoas representantes das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de

organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no Decreto 193/2011, do 6 de outubro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Polo Concello de Castrelo de Miño

A conselleira

O alcalde

Fabiola García Martínez

Avelino Pazos Pérez